

## A historia dun rapaz de só 18 anos

- É mamá cando volve?, di María, a pequecha, ao seu irmá Xulián, de 18 anos.



Xulián limpa a bágoa que está a piques de caerlle, sorrí e non sabe que dicir...

- E papá tampouco vai volver?, pregunta María.

Xulián colle no colo a súa irmá e intenta explicarlle a situación.

- María, mamá está coidándonos e protexéndonos dende un sitio mellor e papá...pois, el pode que volva, pero despois dun tempo. Agora mesmo está ocupado traballando fóra.

- Eu boto moito de menos a mamá, dille María a Xulián.

- Xa, María e eu, pero agora temos que seguir coa nosa vida.

María queda mirando para ao seu irmá e baixa a xogar ao seu cuarto.

A Xulián non lle saía da cabeza aquela imaxe na que un día entrando na casa atopouse co seu pai saíndo esposado por dous policías e nunha padiola nunha ambulancia, non comprendía nada, estaba asustado e (...).

Unha dos policías explicoulle todo o que acontecera hai unhas horas e o que levaba acontecido dende había uns meses.

As únicas solucións que tiña era ou irse con algún familia, ou María ir a un orfanato e el buscar un traballo, pero a Xulián ningunha das solucións lle gustaba, xa que non estaba disposto a afastarse da súa irmá e tampouco mudarse cara a outra cidade cos seus tíos, o cos seus avós.

Despois de moito pensar, decidiu dar a coñecer a súa situación a todo o mundo, de aí que un día decidiu ir a Consellería e contar todo.

- Chámome Xulián, teño 18 anos e curso 2º de Bacharelato e a miña irmá María de 4 anos cursa infantil. É un caso complicado, seino. Pero quero acabar bacharelato e coidar a miña irmá na nosa cidade natal, e está claro que por nada do mundo vou deixar que me quiten a María do meu lado, pois, xa bastante perdín. Ela é a única que me queda e por ela sairei adiante desta. Só necesita que me axudedes coa economía e me deixedes quedar a cargo da pequecha e da casa. Eu sacarei bacharelato sen problema, e formareime coma o home da casa e irmán maior. Grazas por deixarme falar e escoitarme. Ogallá teña respostas en breve.

E despois de 6 anos, Xulián é un bo irmá maior co seu traballo e María unha boa estudante de 5º de primaria.